

PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO PARA A XUSTIFICACIÓN DAS INCORPORACIÓNS DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2020 AO ORZAMENTO DE GASTOS DO EXERCICIO ECONÓMICO DE 2021.

Esta Xerencia, co fin de simplificar o trámite administrativo das incorporacións de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021, acorda publicar un procedemento que describa de xeito pormenorizado a documentación xustificativa que debe achegarse con cada solicitude de incorporación de crédito.

Este procedemento axústase ao documento complementario das *Bases de execución do orzamento para o ano 2019 prorrogado pola Resolución Reitoral de prórroga do orzamento do 2019 para o exercicio 2020 de data 24/12/2019, Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos do 2021* así como a *Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia*.

Establécense 2 tipos de procedementos de incorporacións: o abreviado e o ordinario.

1º.- Procedemento abreviado

Este procedemento abreviado aplicarase aos proxectos que se detallan no anexo I que se acompaña, correspondentes a:

- Proxectos nacionais.
- Actuacións de Infraestruturas.
- Proxectos europeos.
- Programas de recursos humanos (RRHH), incluído o Programa Principia (GAIN) Xunta de Galicia, axudas para o fomento da contratación de persoal tecnólogo para actividades I+D+i (código IN848C).
- Proxectos europeos Erasmus+ KA2
- Proxecto europeo POCTEP INTERREG
- CIs de proxectos europeos consignados na OTRI (Instrucións de 3/10/2017 e de 31/10/2019 Instrucións 3/10/2017 e de 31/10/2019).
- RLDs conforme co establecido nas Instrucións de 3/10/2017 e de 31/10/2019).
- Liñas de investigación convenio INTALENT de Inditex.
- Contratos artigo 83 da LOU.

Os créditos incorporaranse mentres estean vixentes os proxectos, persista o dereito á percepción do ingreso que os financia, ou para devolver o remanente non executado unha vez rematada a axuda. Serán obxecto de incorporación os que correspondan a créditos que non acadasen a fase de recoñecemento da obriga, validada en UXXI-EC., con data do 31/12/2020.

Con respecto á económica 649.02.00 “persoal”, e unha vez se paguen os compromisos da Seguridade Social de decembro tramitarase a incorporación dos saldos que, de ser o caso, resulten de acordo co establecido neste procedemento abreviado e nos prazos do apartado 2-c.2).

Tramitaranse polo procedemento abreviado os créditos que correspondan ás aplicacións de

Código Seguro De Verificación	K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==			Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente			Asinado	10/12/2020 15:36:05
Observacións				Páxina	1/52
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==				



recursos liberados dispoñibles (en adiante RLDs) dos proxectos europeos e as contías consignadas na OTRI, detraídas dos custos indirectos (CIs) dos proxectos, conforme cos criterios establecidos nas Instrucións de 3/10/2017 e de 31/10/2019.

Para as aplicacións das liñas de investigación do convenio INTALENT abranse novas orgánicas para identificar o financiamento alleo. A incorporacións ao 2021 efectuaranse nas aplicacións de 2020 e ao mesmo tempo a Sección de Orzamentos do Servizo de Xestión Financeira formalizara a transferencia do importe incorporado as novas aplicacións codificación de FA.

As incorporacións dos contratos artigo 83 da LOU tramitaranse pola OTRI mediante o procedemento de incorporación abreviada. No caso de convenios que rematasen a súa vixencia trala incorporación procederase a formalizar unha Reserva de Créditos ata que a OTRI conte con información suficiente en relación a continuidade do contrato e a autorización para seguir utilizando os créditos incorporados ao 2021 ou ben para proceder a devolución do crédito incorporado. Tamén se efectuará unha reserva de crédito nos casos indicados no anexo de proxectos europeos, ata que a OTRI informe de que procede anularse esta reserva.

a) **A partir do día 14/12/2020**, por necesidade do procedemento de incorporación abreviado, non se poderán efectuar tramitacións administrativas que afecten aos créditos das partidas relacionadas no anexo I (non será posible efectuar reservas de crédito ou validación en UXXI-EC de expedientes de gasto en calquera das súas fases).

b) Con data do **16/12/2020**, o Servizo de Intervención deberá ter fiscalizados todos os expedientes de gasto imputados aos financiamientos indicados neste apartado.¹

c) A incorporación realizarase na económica principal de cada proxecto (649.02), agás que existan expedientes de gasto en fase “A”, “AD” ou “D” fiscalizados e validados en UXXI-EC., noutro/s subconcepto/s da orgánica. O mesmo criterio se aplicará no caso do convenio Intalent e dos contratos artigo 83 (640.00) (téñase en conta que os expedientes de gasto poden estar validados polo Servizo de Intervención, por Resolución do Xerente, pola Comisión de Asuntos Económicos, delegada do Consello do Goberno, ou como exentos de Intervención previa por RR de 27/12/2019).

Para que todos os créditos a incorporar consten na situación contable axeitada para proceder a súa incorporación –“A”, “D”, “AD” ou saldo de crédito- os NAAEE deberán proceder a borrar as reservas de créditos, RCs, documentos “A”, “D”, “AD”, non validados en Universitat XXI-EC.

A partir do 14/12/2020, os Negociados de Asuntos Económicos ou os/as responsables da tramitación dos expedientes (en adiante NAAEE) *efectuarán as operacións necesarias para que os saldos de crédito figuren na económica 649.02.*

O día **16/12/2020** os NAAEE deberán enviar ao Servizo de Investigación, e a OTRI (caso de proxectos europeos) o “informe de saldos por aplicación” (módulo Avance), de UXXI-EC, das partidas afectadas pola incorporación (o envío efectuarase por correo electrónico ao seguinte

¹ Lémbrase que de acordo co apartado 1º a) da RR do 31/05/2018, deberán fiscalizarse os gastos de 2019 que non se tramitarán nese exercicio por non terse recibido a factura nas datas requiridas na Instrución de peche (a RR de 31/5/2018, prorrogouse para o exercicio 2020, por RR de 27/12/2019).

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	2/52
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		



endereço electrónico: proxectos@udc.es e otri@udc.es).

A dirección de Xestión Económico Administrativa da OTRI, será a que facilite a información para as incorporacións dos créditos das aplicacións do convenio INTALENT e dos contratos artigo 83 da LOU. *Por esta razón non é necesario que os NAAEE dos centros de gasto afectados procedan a tramitar estas incorporacións. Os NAAEE verificarán os importes incorporados.*

d) O Servizo de Investigación e a OTRI, conforme corresponda, verificarán os importes dos remanentes non executados para incorporar no exercicio de 2021, ben para continuar coa execución do proxecto ou ben para reintegrar ao organismo financiador.

e) O día **30/12/2020** a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia (en diante VPCIT), remitirá ao Servizo de Intervención a relación de proxectos do anexo I cos importes a incorporar, asinada polo Servizo de Investigación ou pola OTRI segundo corresponda e conformada polo VPCIT; acompañada do “informe de saldos por aplicación” (módulo Avance) de UXXI-EC.

O anexo de proxectos europeos terá que ser asinado pola directora de Xestión Administrativo-Económica da OTRI e pola VPCIT. O resto dos anexos da incorporación abreviada serán asinados pola xefa do Servizo de Investigación e pola VPCIT.

A Oficina de Relacións Internacionais (en adiante ORI) remitirá ao Servizo de Intervención o anexo dos proxectos Erasmus+ KA2 e o proxecto POCTEP INTERREG, desta Vicerreitoría.

f) O Servizo de Intervención fiscalizará e trasladará, **non máis tarde do 08/01/2021**, esta relación ao Servizo de Xestión Financeira (SXF) que procederá, nos primeiros días do exercicio 2021, á incorporación das contías que correspondan en cada aplicación.

g) Unha vez elaborados os documentos de incorporación de créditos (MC 2.00.07.00), o SXF notificará á VPCIT, Xerencia e VIC o remate do proceso de incorporación.

O Servizo de Xestión Financeira comunicará aos NAAEE e a dirección de Xestión Económico Administrativa da OTRI (otri@udc.es) que revisen as contías incorporadas. Calquera incidencia comunicárase ao Servizo de Investigación por correo electrónico a proxectos@udc.es ou ao endereço da OTRI: otri@udc.es, según corresponda, para, de ser o caso, efectuar as oportunas correccións. *Os NAAEE deberán revisar todas as incorporacións efectuadas polo procedemento abreviado do anexo I que correspondan ao seu centro de gasto, incluídos os contratos artigo 83 da LOU e, de selo caso, as aplicacións do convenio INTALENT.*

O Servizo de Xestión Financeira comunicará a ORI para que revise as contías incorporadas dos proxectos Erasmus+ KA2 e o proxecto POCTEP INTERREG. No caso de incidencias que afecten a estes proxectos comunicáranse por correo electrónico á ORI a proxectos.ori@udc.es

As incorporacións abreviadas realizaranse nas mesmas aplicacións nas que figuraron os remanentes do exercicio anterior, salvo a excepción indicada anteriormente para o convenio INTALENT, debido a obrigatoriedade de identificar o FA.

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	10/12/2020 15:36:05
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
		Páxina	3/52



A partir do 18/01/2021, os créditos incorporados estarán dispoñibles e será posible tramitar expedientes de gasto con cargo a estes créditos.

h) Unha vez efectuada a incorporación do crédito no orzamento de gastos do exercicio económico de 2021, e no caso de que o crédito a incorporar do exercicio 2020 acadase unha fase contable, deberá confeccionarse un documento contable para o exercicio de 2021 coa mesma fase que acadou ese crédito no exercicio de 2020.

Este documento remitirase ao Servizo de Intervención nun prazo, nunca superior, a *sete días hábiles, que contarán desde o día seguinte a data da incorporación que recolla o estado de situación de créditos por centros de UXXI-EC* A este documento contable do exercicio 2021 unirase a copia do documento contable do 2020 así como o estado da “situación de créditos por centros”, de UXXI-EC, no que estea consignada a incorporación.

i) A actualización contable dos expedientes de gastos para xustificar polo Servizo de Investigación antes do 31/03/2021, remitirase ao Servizo de Intervención, nun prazo improrrogable *de cinco días hábiles*, contados desde o seguinte á incorporación do crédito.

A fiscalización e pagamento destes expedientes tamén será prioritaria. Con este fin cómpre tramitalos individualizadamente coa indicación de *"gastos para xustificar polo Servizo de Investigación antes do 31/03/2021"*.

Poderase incorporar polo procedemento abreviado, na/s aplicación/s que corresponda/n, o crédito da transferencia incondicionada da Xunta de Galicia e que ten por obxecto atender aos gastos que se determinen na UDC, derivados da situación actual pola COVID19. Esta incorporación efectuarase previa petición da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica (VEPES) e conforme coas datas que se indiquen no seu momento. A VEPES remitirá resolución detallando os importes que procede incorporar derivados deste financiamento.

2º.- Procedemento ordinario

a) O prazo ordinario de solicitude de incorporacións será do **4 ao 29 de xaneiro de 2021**, agás os expedientes afectados polas situacións específicas mencionadas nos parágrafos c-1 “incorporación anticipada” e c-2 “incorporación de saldos unha vez pagada a Seguridade Social de decembro”, deste procedemento. Para estes expedientes a Xerencia, no caso de ser necesario, poderá establecer un prazo adicional.

b) A tramitación dos expedientes de incorporación adecuarase ao establecido nas *Bases de execución do orzamento 2019 prorrogado pola Resolución Reitoral de prórroga do orzamento do 2019 para o exercicio 2020 de data 24/12/2019*. Confeccionarase un único anexo II por centro de gasto e capítulo. Este anexo II dirixido ao xerente, será ao mesmo tempo o oficio de remisión,

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	10/12/2020 15:36:05
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
		Páxina	4/52



pero, remitirase ao Servizo de Intervención². Os anexos I e II do Documento complementario I das Bases de Execución do orzamento, firmaranse electrónicamente, para facilitar a tramitación do/s expediente/s e adecuarse ao establecido na normativa en materia electrónica e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que regula a utilización de medios electrónicos polas Administracións Públicas na tramitación dos procedementos administrativos

c) As xustificacións ás que se refire este procedemento serán para os expedientes individualizados de cada crédito, sendo obrigatorio e imprescindible, tal e como se dispón nas instrucións³ que, cada centro de gasto que xestiona créditos orzamentarios, remita por centro e capítulo, segundo modelo (anexo II), a relación detallada de todas as aplicacións orzamentarias das que se solicita a incorporación, coa indicación do concepto e importe para incorporar en cada unha delas, asinado polo/a director/a do centro de gasto.

O feito de non adecuarse a esta normativa podería invalidar a tramitación das incorporacións.

1. As incorporacións ao exercicio de 2021 dos créditos tramitados polo procedemento de incorporación anticipada, efectuaranse conforme co procedemento establecido na *Resolución do 13/12/2017 pola que se dita a instrución para a tramitación anticipada de incorporación de crédito ao próximo exercicio, para a tramitación dos expedientes de gasto financiados con créditos incorporables e que se inicien ao comezo de cada exercicio*, publicada no TEO con data do 13/12/2017.
2. Unha vez contabilizada a Seguridade Social do mes de decembro, incorporaranse os saldos que, de ser o caso, resulten na económica 649.02.00 "persoal". A tramitación desta incorporación será homóloga á establecida no apartado 1º "Procedemento abreviado"

d) A dirección do centro de gasto e os/as responsables dos NAAEE do centro evitarán que se produzan duplicidades nas solicitudes de incorporacións.

e) Unha vez efectuada a incorporación do crédito no orzamento de gastos do exercicio económico 2021, e no caso de que o crédito para incorporar do exercicio 2020 acadase unha fase contable, deberá confeccionarse un documento contable para o exercicio de 2021 coa mesma fase que acadou ese crédito no exercicio de 2020.

Este documento remitirase ao Servizo de Intervención nun prazo, nunca superior, a *sete días hábiles*, que comezarán a contar desde o día seguinte a data da incorporación que se recolla no estado de situación de créditos de UXXI-EC.

Ao documento contable do exercicio 2021, unirase unha copia do documento contable de 2020, así como do estado de "situación de créditos por centros" de UXXI-EC, no que estea consignada a incorporación.

² Incorpóranse a este procedemento os anexos I e II de incorporación en formato editable para a súa cobertura e sinatura electrónica.

³ Bases de execución de 2019. Documento complementario I: "Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2019 ao orzamento de gastos do exercicio económico de 2020", prorrogado por RR de 24/12/19

Código Seguro De Verificación	K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	10/12/2020 15:36:05
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
		Páxina	5/52



No caso de que o importe da contía incorporada non coincida co/s documento/s confeccionado/s xustificarse o porqué da diferenza. En todo caso o texto libre do documento contable deberá recoller a data da incorporación e o obxecto do gasto.

f) Rematado o prazo de incorporacións, con data do **29/01/2021**, non se tramitará ningunha incorporación de créditos por este procedemento.

g) No caso de que unha vez tramitado/s o/s expediente/s de gasto, obxecto da incorporación de créditos, subsista algún saldo, deberá anularse e compensarse de inmediato.

No caso de que no exercicio 2021 se establezan procedementos de tramitación electrónica, durante o período de incorporación de créditos, os expedientes de incorporación de créditos detallados no apartado 2 "Procedemento ordinario", adecuaranse á tramitación electrónica, sempre que as condicións do expediente o permitan. A Xerencia resolverá as incidencias que poidan xurdir.

Incorpóranse modelos normalizados en pdf editable, anexos I (incorporación de créditos ao 2021) e II (incorporación de crédito ao 2021. Remisión expedientes) a utilizar electrónicamente nos expedientes de incorporación ao 2021.

Asinado dixitalmente.

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	10/12/2020 15:36:05
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Páxina	6/52		



1.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

- Que se concedesen no mes de novembro e decembro de 2020 e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante este período.

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*.
- 2) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

2.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO XERACIÓNS DE CRÉDITO

- Con financiamento externo.
- Que se concedesen no mes de novembro e decembro de 2020 e que, por causas xustificadas, non puidesen ser utilizados durante este período.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*.
- 2) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente		Asinado	10/12/2020 15:36:05
Observacións			Páxina	7/52
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==			



3.- CAPÍTULO I "GASTOS DE PERSOAL"

- Soamente para os créditos correspondentes á Seguridade Social (concepto 160) do mes de decembro de 2020, os gastos sociais (concepto 162), os gastos de formación do PAS (subconcepto 162.00) e o remanente do persoal de apoio (130.04).
- Incorporaranse ao exercicio 2021, os compromisos de gastos debidamente fiscalizados/contabilizados no caso de exentos por RR 31/05/2018, prorrogada pola RR 27/12/2019, de cursos, conferencias, relatorios etc., impartidos por persoal da UDC e imputados a económica: 151.04.01 e 151.04.02.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **"consulta por documentos validados"** para os créditos correspondentes á Seguridade Social (160) do mes de decembro de 2020. Para as aplicacións de gastos sociais (162) non procede a xustificación da fase D.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **"situación de créditos por centros" do crédito para incorporar**. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	10/12/2020 15:36:05
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
		Páxina	8/52



4.- CAPÍTULO II "GASTOS EN BENS E SERVIZOS CORRENTES"

- Os créditos dispoñibles con data do 31/12/2020 non se incorporarán.
- **Excepcións:** os **mestrados**, os **cursos de especialización e outros cursos e actividades** con vixencia no presente exercicio e no vindeiro con financiamento finalista.
- **Excepcións:** as **cátedras** con convenio vixente no próximo exercicio de 2021, que financie a actividade (e o de creación).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*.
- 2) No caso no que proceda, xustificarse o financiamento finalista (contrato, convenio ou subvención vixentes). Ademais debe achegarse unha memoria económica dos exercicios afectados, recollendo o balance de ingresos e gastos do exercicio anterior e a previsión de ingresos e gastos para o exercicio vixente.
No caso das cátedras, deberá achegarse o convenio, e, se procede, a addenda da vixencia.
- 3) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**consulta por documentos validados**" nos casos que proceda.
- 4) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente		Asinado	10/12/2020 15:36:05
Observacións			Páxina	9/52
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==			



5.- CAPÍTULO IV "TRANSFERENCIAS CORRENTES". BOLSAS E AXUDAS

- Que acadasen a fase contable "D"

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase "D", que se correspondan coa incorporación solicitada, fiscalizados antes do 31/12/2020, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC I Módulo Docuconta: **"consulta por documentos validados"** non pagados.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **"situación de créditos por centros" do crédito para incorporar**. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse

6.- CAPÍTULO IV "TRANSFERENCIAS CORRENTES". BOLSAS E AXUDAS

- **Excepcionalmente**, poderán incorporarse os créditos que só acadaron a fase da autorización (fase A) sempre que se xustifiquen as razóns desta situación.
- **Excepción 1.^a**: as **bolsas** que estean ligadas a actuacións singulares financiadas con cargo ao exercicio corrente, pero que se estenden máis aló del, e, as **axudas** de *proxectos Erasmus+ e doutras axudas con financiamento alleo*, imputadas ao capítulo IV se incorporarán nas condicións que estableza a normativa reguladora de cada financiamento e a normativa orzamentaria de aplicación (no expediente acreditarase a vixencia do proxecto e a procedencia da incorporación).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*. Xustificarase nesta certificación a singularidade da bolsa, e o motivo polo que estando financiada no exercicio corrente, se estende ao exercicio económico de 2021.
- 2) Copia dos documentos contables en fase "A" fiscalizados antes do 31/12/2020, unindo a copia da convocatoria². É imprescindible que figure a data en que foi publicada.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **"situación de créditos por centros" do crédito para incorporar**. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	10/12/2020 15:36:05
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
		Páxina	10/52



7.- CAPÍTULO IV "TRANSFERENCIAS CORRENTES". BOLSAS E AXUDAS

- **Excepcionalmente**, poderán incorporarse os créditos que só acadaron a fase de autorización (fase A) sempre que se xustifiquen as razóns desta situación.
- **Excepción 2.^a:** as **bolsas** que acadando a fase de autorización (A) non acadasen a fase de compromiso de gasto (D), por non estar resolta a convocatoria, sempre que a dita convocatoria fose publicada no exercicio de 2020, e prevalezan as mesmas condicións no exercicio de 2021.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*, na que deberán constar as razóns polas que non se acadou a fase D de compromiso de gasto no exercicio de 2020.
- 2) Copia dos documentos contables en fase "A" fiscalizados antes do 31/12/2020, copia da convocatoria² e data na que foi publicada. Deberá xustificarse que no exercicio de 2021 prevalecen as mesmas condicións da convocatoria que deron orixe ao documento contable "A", e que se continuará co documento "D" de compromiso de gasto no 2021 (sen que teña que modificarse a convocatoria).
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

8.- CAPÍTULO IV "TRANSFERENCIAS CORRENTES" BOLSAS E AXUDAS

- **Excepcionalmente**, poderán incorporarse os créditos que só acadaron a fase de autorización (fase A) sempre que se xustifiquen as razóns desta situación.
- **Excepción 3.^a:** as **bolsas** que, atopándose en fase de autorización (A), constitúan remanentes que terán que devolverse á entidade concedente.

Xustificación:

- 1) Solicitud do/a responsable do crédito para incorporar, na que deberá constar que a cantidade que se vai incorporar é para a súa devolución á entidade que financiou as bolsas.
- 2) Copia dos documentos contables en fase "A" fiscalizados antes do 31/12/2020, copia da convocatoria² e data en que foi publicada.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Asinado
Observacións		Páxina	11/52
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIQvJmrGxfxI9Qb09o8g==		



9.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS"

Infraestrutura e equipamento

- Aplicarase a norma xeral (fase D).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **"consulta por documentos validados"**.
No caso de créditos correspondentes a fondos alleos poderán incorporarse polo procedemento abreviado, conforme cos prazos establecidos no apartado 1 do "Procedemento abreviado desta Instrución", sempre que reúnan as condicións establecidas neste apartado.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **"situación de créditos por centros" do crédito para incorporar**. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

10.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS" CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN

Fondos bibliográficos e documentais

- Aplicarase a norma xeral (fase D).

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **consulta por documentos validados"**.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **"situación de créditos por centros" do crédito para incorporar**. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente		Asinado	10/12/2020 15:36:05
Observacións			Páxina	12/52
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==			



11.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS" CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN

Fondos de investigación

- Departamentos
- Terceiro ciclo
- Grupos de investigación
- Institutos Universitarios
- Unidades de investigación
- Títulos propios
- Premios investigación
- Reparto fondos de investigación
- Escola Internacional de Doutoramento
- SAI
- Centros Tecnolóxicos (CITEC, CITIC, CICA, CIT)

- 1) Poderán incorporarse ao crédito do exercicio de 2021 só os remanentes do exercicio de 2020, agás o crédito procedente da aplicación orzamentaria "Fondos de financiamento a grupos de investigación, unidades e investigadores individuais" (649.10) que se poderá incorporar aos dous exercicios seguintes ao da súa concesión (punto 6, base 12.^a das *Bases de execución do orzamento de 2019*).
- 2) Os NAAEE, antes do remate do exercicio 2020, deberán efectuar as redistribucións necesarias para que en cada partida conste o saldo que corresponde, de acordo co ano de concesión da axuda pola VPCIT.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021.
- 2) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente	Estado	Asinado
Observacións		Data e hora	10/12/2020 15:36:05
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		
		Páxina	13/52



12.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS" CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN E OUTROS CON FINANCIAMENTO ALLEO

Convenios con financiamento alleo incorporable.

- Se non acadou a derradeira anualidade.
- Poderán incorporarse os remanentes de crédito, sempre que as condicións do contrato/convenio non o impidan. Deberá acreditarse no expediente que os fondos son incorporables e que o financiamento recibido permite a incorporación ao exercicio 2021.

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) *das Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*, acreditando que os créditos son incorporables.
- 2) Achegarase copia do convenio, no que deberá constar que terá vixencia no exercicio de 2021.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: "**situación de créditos por centros de UXXI-EC**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente		Asinado	10/12/2020 15:36:05
Observacións			Páxina	14/52
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==			



13.- CAPÍTULO VI "INVESTIMENTOS REAIS" CRÉDITOS DE INVESTIGACIÓN

Convenios con financiamento alleo incorporable.

- Se acadou a derradeira anualidade.
- Poderán incorporarse os remanentes de crédito, sempre que as condicións do contrato/convenio non o impidan. Deberá acreditarse no expediente que os fondos son incorporables e que o financiamento recibido permite a incorporación ao exercicio 2021

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021* acreditando que os créditos son incorporables.
- 2) Copia da prórroga ou xustificación na que conste que non existe oposición por ningunha das partes asinantes á extensión da vixencia ao ano 2021. No caso de que non poida xustificarse a prórroga non será posible a súa incorporación, agás que a solicitude de incorporación sexa para a súa devolución, circunstancia que deberá facerse constar na certificación (apartado 1).
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **situación de créditos por centros**" do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

Código Seguro De Verificación	K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Ramón Alberto del Valle López - Xerente		Asinado	10/12/2020 15:36:05
Observacións			Páxina	15/52
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/K1IIqvJmrGxfxI9Qb09o8g==			



14.- CAPÍTULOS VII, VIII e IX "TRANSFERENCIAS DE CAPITAL", "ACTIVOS FINANCEIROS" E "PASIVOS FINANCEIROS"

- Aplicarase a norma xeral (fase D)

Xustificación:

- 1) Certificación de continuidade da actividade no exercicio de 2021 (anexo I) das *Instrucións para regulamentar a incorporación de créditos do orzamento de gastos de 2020 ao orzamento de gastos de 2021*.
- 2) Copia dos documentos contables en fase D fiscalizados, ou, relación emitida polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **"consulta por documentos validados"**.
- 3) Informe emitido a partir do día 04/01/2021 polo sistema informático UXXI-EC / módulo Docuconta: **"situación de créditos por centros"** do crédito para incorporar. O informe deberá vir asinado polo/a responsable do crédito coa indicación do importe que solicita incorporar. Unha vez emitido, asinado e remitido non poderá variarse.

NOTAS:

² A copia da convocatoria ten que estar asinada polo/a responsable do crédito. Non é necesario que acheguen o texto integro da convocatoria, tan só aquelas follas que conteñan os datos que fundamenten a incorporación.

³ A copia do proxecto ten que estar asinada polo/a responsable do crédito. Non é necesario que acheguen o texto integro do proxecto, tan só aquelas follas que conteñan os datos que fundamenten a incorporación.

